

2. Incrementar a dotación orzamentaria prevista na Resolución do 15 de decembro de 2009 en 8.384.000 € con cargo ao exercicio orzamentario de 2011, de xeito que o total do crédito vinculado á convocatoria importa 12.000.000 €.

A dotación distribuirase do seguinte modo, por anualidades e medidas:

Medidas	Anualidade 2010 Anualidade 2011	Importe total (€)	Aplicación orzamentaria
I. Diversificación cara a actividades non agrarias	142.560,00 457.440,00	600.000	02/31/10 656800
II. Creación e desenvolvemento de microempresas	1.059.220,80 3.398.779,20	4.458.000	02/31/20 656800
III. Fomento de actividades turísticas	342.144,00 1.097.856,00	1.440.000	02/31/30 656800
IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural	926.534,74 2.973.022,26	3.899.557	02/32/10 656800
IV. Novos retos. Enerxías renovables	1.002.443,00 0,00	1.002.443	02/32/11 656800
V. Conservación e mellora do patrimonio rural	142.560,00 457.440,00	600.000	02/32/30 656800
Total	3.615.462,54 8.384.537,46	12.000.000	

3. As modificacións anteriores non comportan a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición adicional

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2010

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 3 de setembro de 2010 pola que se convocan unhas Xornadas sobre dereito social e administración pública.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010, e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convó-

canse unhas Xornadas sobre dereito social e administración pública conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Analizar en detalle todas as cuestións relativas á reforma da Seguridade Social e ao dereito do traballo, así como á reestruturación da Administración pública central, autonómica, local e institucional no campo do emprego público, das relacións laborais, da acción social, asistencia social e réximes complementarios da Seguridade Social. Avaliar as máis recentes reformas do dereito social.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Os deberes dos empregados públicos no seu estatuto básico.

-A mobilidade xeográfica e funcional do persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

-A participación e representación dos empregados públicos.

-A readmisión obrigatoria do empregado público improcedentemente despedido.

-A igualdade de mulleres e homes na Administración pública: un estudo comparado dos dereitos español e alemán.

-Os dereitos dos cidadáns en relación coa actuación das administracións públicas.

-Os puntos críticos do mal chamado procedemento de oficio. Especial referencia aos procesos cualificatorios.

-A reforma da Seguridade Social.

-A reforma do réxime sanitario.

-A conciliación da vida laboral e familiar do persoal ao servizo das administracións públicas.

3. Destinatarios.

Persoal das diferentes administracións públicas, Administración autonómica e local, axentes sindicais, persoal investigador, letrados da Xunta de Galicia, letrados do Consello Consultivo de Galicia, letrados da Seguridade Social, do Consello de Estado, avogados do Estado, maxistrados e xuíces, inspectores de traballo, graduados sociais, inspectores médicos, avogados, procuradores, directores de asesorías e servizos xurídicos de entidades e empresas e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); r/ Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Datas: 24 e 25 de setembro de 2010.

Horario: de mañá e tarde.

Duración: 12 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción.

Os interesados en participar nestas xornadas poderán optar por asistir:

1. Unicamente ás sesións científicas, en cuxo caso, deberán cubrir a follla de inscrición que figura como anexo a esta convocatoria e que deberán presentar no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Estas inscricións tamén poderán enviarse por medio de fax (ao número 981 54 63 30) ou por correo electrónico (ao enderezo novas.egap@xunta.es).

As inscricións fóra de prazo só serán admitidas, de quedaren prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes teléfonos 981 54 62 41-881 99 70 14.

2. Ás sesións científicas e ao programa social; neste caso, deberán formalizar a súa inscrición, vía telemática, a través da seguinte ligazón:

Inscrición en sesións científicas + programa social que figura dentro do apartado dedicado a estas xornadas na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es>).

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o día 21 de setembro de 2010.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento destas xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Seralles entregado un certificado de asistencia, ao final das xornadas, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a data e o lugar de realización das xornadas.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE	
Apelidos	DNI
Nome	
2. DATOS PROFESIONAIS	
Posto de traballo/Profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade en que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº
CP	Localidade
Correo electrónico:	Provincia
3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita asistir ás Xornadas sobre dereito social e administración pública que terán lugar os días 24 e 25 de setembro de 2010 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), r/ Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela.	
Sinatura, de..... de..... de 2010
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).	

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

DIRECTOR DA EGAP. Polígono das Fontiñas, r/ Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña).